

ACTAS ASEMBLEA ANPA MESTRES GOLDAR 30/05/2022

Ás 16:45 h. A asemblea comeza en segunda convocatoria. Asisten 34 persoas

Preside: Beatriz Pazos Alonso

Toma actas: David F. Sousa Gesto

1.- Lectura da acta anterior

Lectura das actas anteriores

ACORDO: Apróbase a acta por unanimidade

2.- Publicación e difusión de actas

Explícase a iniciativa de dixitalizar as actas e a súa implicación xurídica (por exemplo, non expoñer nomes propios), e indícase o procedemento para acceder a elas a través da páxina web.

3.- Estado de contas

A tesoureira procede á lectura do informe de tesourería e do estado de contas. Unha nai pregunta por qué seguen a dar 200€ de axuda ao colexio. Explícaselle que debese aos gastos en recursos e material do colexio ocasionados pola ANPA (cartaces, láminas para pintar o comedor, etc.)

4.- Orzamento estimado para o vindeiro curso e gastos previstos (suxestión de elevación do nivel de socios)

Abórdase a situación económica para o vindeiro curso, especialmente a cuestión relacionada co déficit nas contas que (agás o período de pandemia onde non houbo actividades extraescolares) leva anos acontecendo. Para solucionar parte do déficit nas contas propónse aumentar a cota de socio/a en 5 euros anuais. Sométese a votación a proposta de aumento da cota co seguinte resultado:

A favor: 30 socias/os

En contra: 2 socias/os

ACORDO: Apróbase o incremento da cotización en 5€ anuais

5.- Subvención de igualdade

Explícanse como se levaron a cabo os diferentes proxectos de igualdade no marco da subvención recibida o ano pasado e explícase a vontade de solicitala de novo para o vindeiro ano e explícanse os proxectos que se estudarían.

6.- Curso 2022/2023

Explícanse os proxectos e campañas desenvolvidas durante o curso 2021-2022. Así mesmo, preséntanse os proxectos e campañas previstas para o curso 2022-2023.

Unha nai pregunta se teñense en conta as propostas feitas con anterioridade polas nais/pais. Contestase afirmativamente.

7.- Comedor

Exponse a situación do comedor, co aumento do número de alumnos que o utilizan e a necesidade de ampliar o espazo onde servense as comidas. Fálase da posibilidade de acondicionar o salón de actos para poder sumar este espazo ao que actualmente ocupa o comedor, indícase que haberá unha reunión cos responsables do catering.

8.- Actividades extraescolares

Exponse a situación das actividades extraescolares para o seguinte curso:

- Multideporte (separar infantil de primaria)
- Patinaxe (pendente de ver se será pola deputación, hai que aclarar dúbidas sobre o tema club-deputación)
- Balonmán (grupo mínimo de 8)
- Fútbol (grupo mínimo de 5)
- Taekwondo

Ademais das actividades propostas, intentaranse as seguintes: Robótica, Piscina, Funny Science, entre outras.

Pregúntase se é posible unha clase de proba. Trasladarase ás empresas a consulta sobre a habilitación dunha xornada de portas abertas para as actividades.

9.- Rogos e preguntas

- Pregúntase sobre a posibilidade de celebrar aniversarios os venres na escola, como se facía antes da pandemia. Deberá consultarse ás autoridades do Centro.

- Pregúntase pola posibilidade de realizar un Campamento de Verán no centro. Explícase que este ano intentouse levalo a cabo, pero a dirección do centro puxo como condición que houbera un/unha responsable da ANPA a todas horas; ao non poder comprometer a ANPA a poder cumprir con ese requisito, tivo que ser descartado.

-Pídese que a acta da ANPA se redacte en galego. Acórdase que así sexa

- Solicítase resumo das comunicacións por medios telemáticos (ex.: WhatsApp)